



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: A planificación hidrolóxica en Galicia-Costa

GRUPO: Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático

ÁREA: Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	25
ADMINISTRACIÓN:	AUTONÓMICA	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2011
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	ESPECÍFICO	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 27/12/2010 - 08:00h ao 13/01/2011 - 14:00h

RESPONSABLE: LOPEZ SANCHEZ, NIEVES [nieves.lopez.sanchez@xunta.gal]

2. DESCRICIÓNS

DESCRIPCIÓN CURSO

Augas de Galicia ten competencias na xestión das augas na Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa. En cumprimento da directiva Marco da Auga, elaborouse un novo Plan de conca que será aprobado por un Real Decreto estatal, pasando a ser, polo tanto, normativa de obrigado cumprimento por parte dos distintos departamentos non só da Administración Hidráulica de Galicia, senón tamén por distintas unidades da Xunta que teñen competencias relacionadas coa xestión do ciclo integral das augas en distintas fases.

O Plan de conca é o resultado dunha serie de estudos que abranguen distintos campos: caracterización da demarcación, inventario das presións, análise dos distintos usos da auga e das demandas existentes, estado ecolóxico e físico-químico das augas, así como medidas a aplicar para a preservación do bo estado das masas. Polo tanto, o obxectivo do curso é dar a coñecer os contidos do novo Plan Hidrolóxico, explicando de forma detallada as metodoloxías e criterios adoptados, así como os distintos programas que se empregan na planificación hidrolóxica e as implicacións da nova normativa no traballo desenvolvido pola Administración Autonómica Galega, de forma que os resultados obtidos sexan coñecidos e aplicados polos técnicos dunha forma máis eficaz, optimizando os recursos e estudos existentes na administración.

DESTINATARIOS

O curso está destinado ao persoal da Administración Hidráulica de Galicia con carácter preferente e ao persoal técnico da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e ás outras consellerías que desenvolvan traballos relacionados coa planificación hidrolóxica e a xestión e a preservación das augas.

PROGRAMA

- 1_ A planificación hidrolóxica en Galicia-Costa. Definición. Ámbito territorial. Competencias da Xunta de Galicia na planificación hidrolóxica.
- 2_ Descrición xeral da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa (DHGC).
- 3_ Delimitación das masas de auga da DHGC
- 4_ Presións no medio hídrico
- 5_ Usos e demandas. Prioridade de usos e asignación de recursos.
- 6_ Rexistro de zonas protexidas
- 7_ Programas de control
- 8_ Estado das masas de auga. Obxectivos medioambientais.
- 9_ Análise económica dos usos da auga.
- 10_ Enchentes e secas.
- 11_ Programa de medidas
- 12_ Participación pública.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Terá preferencia o persoal técnico da Administración Hidráulica de Galicia.

De non cubrirse todas as prazas ofertadas co criterio anterior poderá seleccionarse persoal técnico da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas ou doutras consellerías da Xunta de Galicia cuxas funcións estean relacionadas coa xestión da auga e co control e preservación do bo estado do medio .

Aplicaranse os criterios xerais da Egap (DOG núm 7 de 10 de xaneiro de 2008) para establecer a orde de prelación do persoal seleccionado conforme o primeiro ou segundo criterio.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 14/03/2011 a 23/03/2011

NUM. PRAZAS: 30

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

Laura Fernandez Nuñez

Raquel Piñeiro Rebolo

Alberto Gayoso Couce

Sonia Botana Soto

Miguel Gañete Piñeiro

mónica velo cid

Belén Quinteiro Seoane

roberto arias sanchez

Ana Peris Corral

Pedro Sánchez Gomez

EMILIO ESTEBAN RODRÍGUEZ MERINO

ADANTIA SL

LUGAR DE REALIZACIÓN

AULA 4 (Informática): O día 15 de marzo de 16:30 a 20:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

AULA 11: Os días 14, 16, 17, 21 e 22 de marzo de 16:30 a 20:00. O día 23 de marzo de 16:00 a 20:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA